

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 14 DE XULLO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **CATORCE DE XULLO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúñese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dª MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO e Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCIÓNS.-**

**4º.- CONTRATACIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

**1.1.-** Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta infórmase que, por Resolución da Alcaldía de data 04 de xullo de 2011, da que se dou conta ó Pleno na súa sesión extraordinaria de data 08 de xullo de 2011, debía procederse, no termo de 10 días, á constitución da Xunta de Goberno Local. Esta Resolución de Alcaldía de nomeamento e atribución de competencias da Xunta de Goberno Local transcribese literalmente a continuación:

***"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA***

***NOMEAMIENTO E ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL***

*Como consecuencia das pasadas eleccións de 22 de maio de 2011 no que foi elixida unha nova Corporación que se constituiu o día 11 de xuño e no cal foi proclamada para o cargo de Alcaldesa Dona Paula Fernandez Pena, corresponde a esta Alcaldía nomear os membros que integran a Xunta de Goberno Local en número non superior a catro, equivalente ó tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece.*

*Visto o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local, modificada pola Lei 11/1999 de 21 de abril, o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os*

artigos 35 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo presente resolvó:

**PRIMEIRO.** - Nomear membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes concelleiros/as:

- D. Manuel Cuiña Fernández
- D. Margarita Campos Espiño.
- D. Antonio Couso Álvarez
- D. Matías Rodríguez da Torre

**SEGUNDO.** - Asignar á Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das suas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía expresamente delega e que de seguido se relacionan:

1.- *Licencias: A concesión de licencias de obras maiores, a emisión de informes e resolucións de expedientes sometidos ó Decreto 133/2008, de 12 de junio, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental ou ó Regulamento de Actividades Molestas, insalubres, Nocivas e Perigosas así como a emisión de informes e resolución de expedientes de apertura e cambio de titularidade de establecementos.*

2.- *Planeamento: As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenrollo de planeamento xeral non expresamente atribuidas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

3.- *Xestión económica: a aprobación de padróns fiscais de todo xénero; a aprobación das bases e a concesión de subvencións a entidades culturais, deportivas ou similares de conformidade coas partidas que figuren consignadas no orzamento; o recoñecemento de obrigas que se corresponda con gastos de importe superior a 3.000,00 € de conformidade coas bases anuais de execución do orzamento.*

4.- *Persoal: A aprobación da oferta de emprego público de acordo co Presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuir as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*

5.- *Contratación: As contratacóns e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin á contía sinalada.*

*Resérvase esta Alcaldía a posibilidade de iniciar este expediente por decreto cando por razóns de oportunidade ou urxencia así o estime necesario.*

*A aprobación dos proxectos de obras e servizos na forma indicada no artº 21.1 o) da LRBRL.*

6.- *Bens: A adquisición de bens e dereitos cando non superen o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe indicada nos seguintes supostos:*

- 1º.- *Bens inmóbiles, sempre que estea previsto no Orzamento.*
- 2º.- *Bens móbiles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxo*

*alleamento non se atope prevista no Orzamento.*

*7.- Réxime sancionador: A tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística e sanitaria.*

*8.- Servizos sociais: A aprobación dos expedientes de axuda a domicilio e de emerxencia social.*

*9.- Todas aquelas cuestións puntuais, competencia do Alcalde, que este desexe someter a estudio, consideración ou resolución da Xunta de Goberno Local.*

*As competencias delegadas exerceránse nos termos sinalados na presente resolución e lexislación de aplicación, sin que poidan ser delegadas en ningún outro órgano.*

**TERCEIRO.-** *A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de dez días hábiles seguintes á notificación da presente resolución os membros da Xunta de Goberno Local, á hora que determine a Alcaldesa , ó abeiro do disposto no artigo 112.1 do ROF.*

**CUARTO.-** *Fixar o seguinte réxime de sesións da Xunta de Goberno Local:*

- Ordinarias unha vez á semana, os xoves á hora que determine a Alcaldía.*
- Extraordinarias e urxentes cando con tal carácter sexan convocadas pola Alcaldía.*

**QUINTO.-** *Dar conta ó Pleno, na primeira sesión que se celebre e notificar persoalmente ós/as designados/as, publicando esta Resolución no "Boletín Oficial" da provincia, sen perxuízo da efectividade destos nomeamentos dende o día seguinte da firma desta resolución."*

A tal fin, foille comunicado o devandito acordo plenario ós Sres. Concelleiros designados, para que expresaran a súa aceptación ou rechazo a formar parte dela, xa que no termo de tres días sen presentar comunicación, entenderíase aceptada. O Alcalde pregúntalle directamente ós presentes si teñen algo que alegar ó seu nomeamento, sendo aceptado por tódolos designados.

En cumprimento do disposto no art. 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, pola Sra. Alcaldesa, declarase constituída a Xunta de Goberno Local, da que forman parte os Concelleiros designados seguintes:

Presidente: D<sup>a</sup>. Paula Fernández Pena  
D<sup>o</sup>. Manuel Cuiña Fernández  
D<sup>a</sup>. Margarita Campos Espiño  
D<sup>o</sup>. Antonio Couso Álvarez  
D<sup>a</sup>. Matías Rodríguez da Torre.

**1.2.-** Seguidamente, dase lectura á Resolución da Alcaldía, de data 04 de xullo de 2011, de Delegación de competencias da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local, que transcríbese literalmente a continuación:

***"DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.***

*Os artigos 21.3 e 23.4. da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da*

*Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, establecen que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións mediante delegacións xenéricas a prol dos membros da Xunta de Goberno Local.*

*Tendo en conta a Resolución desta Alcaldía de data 4 de xullo do ano que andamos respecto da estrutura da organización municipal, denominación e ámbito material das áreas de goberno.*

*Tendo en conta que segundo establece o artigo 61.4 da Lei 5/1997, o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio delas.*

*Facendo uso da citada atribución, RESOLVO:*

**Primeiro:** *Conferir delegacións xenéricas a prol dos membros da Xunta de Goberno Local que a seguir se relacionan, para as áreas que igualmente se sinalan, integradas polos servizos e actividades municipais relativos ás materias propias do ámbito da concellería da que son titulares segundo decreto de 4 de xullo do presente ano.*

- *Delegar no 1º tenente de alcalde Don Manuel Cuiña Fernández , a área de Obras e Servizos.*

*Abarca a facultade de dirixir e xestionar os servizos municipais da correspondente área, incluída a facultade de representar ao concello na sinatura de convenios con outras Administracións ou Entidades e a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, salvo que ditos convenios ou actos supoñan para o concello un gasto superior a 3.000,00 €.*

*Correspónelle, así mesmo, a facultade de supervisión das delegacións especiais que no seu caso, e dentro desta área, poida efectuar a Alcaldía.*

- *Delegar no 2º tenente de alcalde Don Matías Rodríguez da Torre, a área de Cultura, Turismo, Educación e Participación Cidadá.*

*Abarca a facultade de dirixir e xestionar os servizos municipais da correspondente área, incluída a facultade de representar ao concello na sinatura de convenios con outras Administracións ou Entidades e a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, salvo que ditos convenios ou actos supoñan para o concello un gasto superior a 3.000,00 €.*

*Correspónelle, así mesmo, a facultade de supervisión das delegacións especiais que no seu caso, e dentro desta área, poida efectuar a Alcaldía.*

**Segundo:** *De conformidade co establecido no artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, as delegacións xenéricas a prol dos membros da Xunta de Goberno Local, e respecto da súa área, enténdense conferidas como a delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuidas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3. da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do régime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, coas limitacións establecidas no apartado anterior.*

**Terceiro:** *As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte régime xurídico:*

- a) Os actos que o órgano delegado dite no ejercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.
- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.
- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.
- d) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- e) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Cuarto: A teor do establecido no artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publíquese este decreto no Boletín Oficial da Provincia, comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar e notifíquese persoalmente aos delegados aos efectos da súa aceptación.”

1.3.- Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta ponse en coñecemento da Xunta de Goberno Local que, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o pasado día 08 de xullo de 2011, por mayoría dos seus membros aprobou a proposta da Alcaldía de data 04 de xullo de 2011, de delegacion de atribucións do Pleno na Xunta de Goberno Local, que transcríbese literalmente a continuación:

“De conformidade co previsto nos artigos 22.4 da LRBRL, 51 del R. D. 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 64.5 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, da Administración Local de Galicia, e art. 19 do Regulamento Orgánico municipal, e visto o informe de Secretaría de data 4 de xullo, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo;

Primeiro. - Declarar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias que son delegables ao abeiro do apartado 4. do citado artigo 22:

- o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (22.1.j).
- a declaración de lesividade dos actos do Concello. (22.1.k)
- a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa copetente para a súa contratación ou concesión, e cando ainda non estén previstos nos orzamentos. (22.1.ñ)
- a declaración de compatibilidade para o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais tanto para membros da Corporación como persoal ao servizo da mesma. (artigo 14 da Lei 54/1984, de 26 de decembro)

Segundo. - De conformidade co previsto no art. 113.e) do ROF, nos casos en que a Xunta de Goberno Local exerce competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

Terceiro. - O acordo plenario de delegación, surtirá efectos desde o día seguinte ó da súa adopción, sen perxuício da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto - Comunicar a delegación ó órgano delegado, ós efectos do previsto no art. 114 do ROF.”

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Dase conta do escritos remitidos pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, todos eles relativos a autorización sanitaria de reapertura de instalación de piscinas de uso público:

Nº Rexistro Entrada	Data	Expediente	Ubicación instalación	Notificación
3023	14.07.11	SA431B 2011/225-4	Campo da Feira-Silleda	Favorable
3024	14.07.11	SA431B 2011/226-4	A Devesa - Bandeira	Favorable
3028	14.07.11	SA431B 2011/224-4	Recinto da Feira-Silleda	Favorable
3029	14.07.11	SA431B 2011/227-4	A Devesa - Bandeira	Favorable

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**2.2.-** Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta que con data 30 de xuño de 2011, asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e a empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), polo que o Concello de Silleda cede o uso das instalacións da base do Grumir á empresa SEAGA para o cumplimento dos fins para os que está creada, facéndose en réxime da utilización conxunta co Grupo de Intervención Rápida do Concello de Silleda, e por unha duración de catro meses (do 1 de xullo ao 31 de outubro).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**2.3.-** Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta que con data 06 de xullo de 2011, asinouse un convenio entre o Concello de Silleda e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para levar a cabo o proxecto de “Desenvolvemento do Servizo de Asesoramento Especializado e Préstamo de Productos de Apoio”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**2.4.-** Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta que con data 14 de xullo de 2011, asinouse un convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral de Medio e o Concello de Silleda para a instalación de equipos emisores de TDT para a extensión de cobertura no Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**2.5.-** Escrito Rexistro de Entrada nº 1903 de 06 de maio de 2011, de D. Antonio Fondevila Fondevila, con D.N.I. nº35.212.862-T, con domicilio en Saidres, nº 3 (Silleda), titular da licencia municipal de autoturismo clase B, nº5, no que solicita a transmisión da titularidade da citada licencia a favor de D. Héctor Iglesias Fernández, D.N.I. nº 76.801.759-K, con domicilio na rúa Santa Eulalia, nº 7-3ºA (Silleda)

A Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes documentais que obran no expediente

e, de conformidade co disposto no artigo 14 d) do regulamento nacional dos servicios urbanos e interurbanos e transportes en automóviles lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/79, acorda:

**1º.- Autorizar a transmisión da licencia municipal de autoturismo clase B, nº5, a favor de D. Héctor Iglesias Fernández, que prestará o servizo co vehículo marca RENAULT, modelo Megane Sedan matrícula 5340-FDH, previo abono das taxas oportunas, co cal xa viña prestando o servizo.**

**2º.- Que se expida o permiso local de conductor a favor de Héctor Iglesias Fernández, D.N.I. nº 76.801.759-K.**

**2.6.- Polo concelleiro de Educación dase conta do escrito remitido polo Director do CEIP de Bandeira, Rexistro de Entrada nº 2905 de data 07 de xullo de 2011, remitindo unha relación das necesidades do centro antes do comenzo do curso escolar 2011/2012, tanto de mantemento e limpeza das instalacións do centro como outras necesidades.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda por parte dos servizos de mantemento municipais procédase durante o verán ó arranxo destes defectos.

**2.7.-Polo concelleiro de Educación dase conta do escrito remitido polo Director do CEIP de Bandeira, Rexistro de Entrada nº 2906 de data 07 de xullo de 2011, remitindo informe sobre as necesidades de reparación urxente nas instalacións do centro educativo, tanto en patios exteriores como en edificios.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir copia deste escrito ó Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra.

**2.8.- Polo Concelleiro de Obras e Servizos, Dº Manuel Cuiña Fernández, comunicase a Xunta de Goberno Local que vaixe proceder a dar de baixa e posterior traslado ó desguace dos seguintes vehículos:**

- PO-4556-AC
- PO-2035-AX
- 7967-BKN
- PO-9703-BP

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**2.9.- Polo Concelleiro de Obras e Servizos, Dº Manuel Cuiña Fernández, proponse a Xunta de Goberno Local que se inicien os trámites para sacar a concurso os seguros de tódolos vehículos de propiedade municipal.**

A Xunta de Goberno Local acepta esta proposta.

**2.10.- Polo Concelleiro de Obras e Servizos, Dº Manuel Cuiña Fernández, proponse a Xunta de Goberno Local sacar a concurso o servizo de recollida de lixo ou ben analizar a revisión**

actual deste servizo.

A Xunta de Goberno Local acepta esta proposta.

**2.11.-** A Xunta de Goberno Local acorda comunicar ós directores das obras incluidas no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, para que revisen e emitan informe sobre o estado actual das obras das que foron directores, para proceder a devolución dos avales das mesmas.

**2.12.-** A Xunta de Goberno Local acorda autorizar ó Concelleiro de Obras e Servizos, Dº Manuel Cuiña Fernández, para que proceda a revisión das obras do Plan de Investimentos da Deputación 2009-2011, así como ordenar ós servizos técnicos que emitan informe sobre o estado das mesmas para que, no caso de ser necesario, se proceda a realizar as reclamacións oportunas.

**3º.- SUBVENCIÓNS.-**

**3.1.-** Dase conta do escrito remitido polo Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas”, Rexistro de Entrada nº 2786 de data 29 de xuño de 2011, remitindo resolución pola que se recoñece a obriga e ordea o pago ó Concello de Silleda da subvención de “material de información turística” durante o ano 2011, por unha cantidade total de cinco mil euros (5.000,00 €) con cargo á aplicación 11/843.432.462.00

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**4º.- CONTRATACIÓN.-**

**4.1.- Contratación do servizo “Programa Cascarón”**

Visto que pola Alcaldía detectouse a a necesidade de realizar a contratación do servizo do denominado "PROGRAMA CASCARÓN".

Visto que a contía do contrato é de 80.000,00 €, considérase como o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado con publicidade.

Visto informe de Intervención de data 14 de xullo sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e órgano competente.

Visto que coa mesma data emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 93 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos do programa cascarón por procedemento negociado con publicidade.

2º. Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

3º. Que pola Intervención se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

#### 4.2.- Contratación do Servizo: “Arquitecto Asesor Técnico”

Visto que pola Alcaldía detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo de arquitecto asesor técnico .

Visto que dada a contía do contrato polo considérase como o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto o Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que con data 14 de xullo de 2011 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é a Xunta de Goberno Local .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º. Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de arquitecto asesor técnico por procedemento negociado sen publicidade.

2º. Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

3º. Que pola Intervención fágase a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

#### ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións.


---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as quince



horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,



A SECRETARIA,

